

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE DE SOCORROS MUTUOS E BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN SANTOS (BRASIL).**

Santos, 11 de maio de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, do 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro**, representada neste acto polo presidente da entidade, D. Casto Vieitez Fernández, con poder dabondo para comprometerse neste acto consonte ao establecido nos estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

**SEGUNDO.-** Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de

emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

**TERCEIRO.-** Na cidade de Santos (Brasil), reside unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 33.000 emigrantes galegos. Estes datos confirman a Brasil como o terceiro país no continente americano onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina e Venezuela.

A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro, é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa actualmente a máis de cen socios emigrantes galegos, sendo a principal entidade galega en Santos. Na actualidade está a desenvolver unha importante política socio asistencial orientada a mellorar a asistencia social desinteresada e ampliar a asistencia médica en xeral das persoas da terceira idade necesitadas pertencentes á colectividade galega.

Nas súas instalacións, a citada entidade xestiona ambulatorio médico, servizos de odontoloxía, oftalmoloxía, psicoloxía, e dispón dunha traballadora social, entre outros ademais proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, de espaxamento, cultural e recreativo e asistencia mutua e de saúde.

**CUARTO.-** A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o non ser posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Santos (Brasil), que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración para a concesión da axuda á entidade Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro, co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Santos (Brasil) con problemas de dependencia, a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

## **SEGUNDA.- PLAN DE ACTUACIÓN**

Para a consecución do obxecto deste convenio a Secretaría Xeral da Emigración colaborará no financiamento do programa de atención aos cidadáns galegos que se atopen en situación de dependencia ou grave risco de exclusión social, así como para contribuír ao funcionamento do Centro asistencial da Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos no que, principalmente, se atende aos cidadáns galegos de idade avanzada.

A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro promoverá o benestar integral dos maiores e das súas familias, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social. Para a consecución destes obxectivos desenvolverá actividades de carácter promocional, de estimulación e prevención, e ofertará os seguintes servizos:

- Atención social individualizada, a través da figura dun traballador social, que exercerá as funcións de coordinador do servizo.
- Atención á saúde, a través dun servizo médico situado nas instalacións do centro.
- Atención integral, que incluírá a rehabilitación e estimulación física, cognitiva e relacional, charlas e conferencias sobre a saúde no maior, servizo de dinámicas socio culturais, xornadas médicas preventivas.
- Axudas individuais para adquisición de medicamentos ou de carácter asistencial básico.

## **TERCEIRA.- BENEFICIARIOS**

Os destinatarios destes programas serán as persoas maiores de orixe galega ou descendentes destes, ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Santos (Brasil), con problemas de dependencia.

## **CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES**

A **Secretaría Xeral da Emigración** achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de **doce mil euros (12.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

A contía de dita achega está destinada a sufragar os gastos correntes xerados pola realización da actividade prevista, tales como a contratación de persoal, gastos de

funcionamento regular das instalacións na medida na que contribúan ao cumprimento do obxecto do convenio (gastos de luz, auga, teléfono) e aqueles de natureza similar.

A **Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro** asegurará a realización das prestacións establecidas neste convenio, para o que se compromete a:

- Dotar ao centro asistencial do equipamento e persoal especializado necesario para o seu correcto funcionamento.

- Desenvolver o programa de actuacións obxecto do convenio nos termos establecidos nel, e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **QUINTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **nove mil seiscientos euros (9.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

O importe restante librarase no momento en que o beneficiario xustifique, na súa totalidade, o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

O pagamento efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte información:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000

euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados.

- Relación dos beneficiarios atendidos con cargo a este convenio pola Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe dos beneficiarios, así coma o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2017.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A Sociedade Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos deberá ter a disposición da Secretaría Xeral da Emigración a documentación que acredite a orixe ou a condición galega de cada unha das persoas incluídas no programa e a xustificación da escaseza de recursos de cada unha delas.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

## **SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

## **SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

## **OITAVA.- REINTEGRO**

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

## **NOVENA.- COMISION DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

#### **DÉCIMA.- RELACION LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN**

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de datos nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, [www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index](http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index).

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

A entidade asinante presta o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos obrigárase a:

a) Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

c) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

d) Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- REXIME XURIDICO**

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA.**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.



En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA  
EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE  
SOCORROS MUTUOS E BENEFICIENTE  
ROSALÍA DE CASTRO

Antonio Rodríguez Miranda

Casto Vieitez Fernández